



ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| XGL/2017/14 | A Xunta de Goberno Local |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|--------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 20 de marzo de 2017 |
| Duración | Desde as 20:10 ata as 20:55 horas |
| Lugar | SALA DE SESIÓNS |
| Presidida por | XOSE MANUEL PAZOS VARELA |
| Secretario | BERTA ALONSO SOTO |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|------------|--------------------------|---------------|
| 77010633D | ANDRÉS GARCÍA BASTÓN | SÍ |
| 53171075C | EVA RODRÍGUEZ CALVAR | NON |
| 73240505H | HÉITOR MERA HERBELLO | SÍ |
| 76807564F | LOURDES RIAL PARDO | NON |
| 78730184B | MARIANO ABALO COSTA | SÍ |
| 76811297Z | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS | SÍ |
| 53113479Q | TANIA CASTRO PAREDES | NON |
| 78739263M | TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ | SÍ |
| 76328194A | XOSE MANUEL PAZOS VARELA | SÍ |
| 34907283E | XOÁN CHILLÓN IGLESIAS | SÍ |
| 78736615W | ÁN XELA VIZOSO MARCOS | SÍ |



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 27 de febreiro de 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 27 de febreiro de 2017.

Expediente 1217/2017. PASAXE PERMANENTE

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Nº REX: 338/2017

Con relación ao escrito presentado por J.G.S., no que solicita a renovación por deterioro dun sinal de pasaxe permanente en San Roque, nº 90-Darbo-Cangas. Por parte desta Policía non existe inconveniente en autorizalo, xa que tal e como se aprecia no informe fotográfico está deteriorado.

Expediente 1215/2017. PASAXE PERMANENTE

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Nº REX.: 338/2017

A Policía de Cangas, con relación ao escrito presentado por J.B.S., no que solicita unha pasaxe permanente en rúa Paraíso, nº 16-Darbo-Cangas. Por parte desta Policía non existe inconveniente.

Expediente 1212/2017. PASAXE PERMANENTE

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Nº REX.: 327/2017

Con relación ao escrito presentado por C.G.C., no que solicita unha pasaxe permanente no lugar de Camiño dos Tombos, s/n-Santa Marta-Darbo. Por parte desta Policía non existe inconveniente.

Concello de Cangas



| | |
|---|---|
| Expediente 1234/2017. SINALIZACIÓN | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| Nº REX.: 339/2017 | |
| Con relación ao escrito presentado por "Servizos Alpa, SC", no que solicita sinalización de carga e descarga para a rúa Real, nº 64-Cangas. Infórmase que procede a sinalización solicitada sendo necesario colocala na parte alta da rúa Real. | |

| | |
|--|---|
| Expediente 1030/2017. Licenza urbanística | |
| Desfavorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| EXPEDIENTE 1030/17 (Expte. Nº 25.864).- O tramitado a instancia de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para RBTS en rúa O Tobal-San Roque (SDG 248315060141), acórdase denegalo porque as obras propostas deben contar con licenza de primeira ocupación, segundo o informe do arquitecto municipal de data 1 de marzo de 2017 e o xurídico de data 04.08.2016. | |

| | |
|---|---|
| Expediente 823/2017. Licenza de primeira ocupación | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| EXPEDIENTE Nº 21.864.- (X.823/17).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR G.C.P. | |
| A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 9 de marzo de 2017, acordou: | |
| a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a G.C.P., con enderezo en Seixo, nº 10-Darbo, á vivenda sita no Monte San Cibrán-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 21.101. | |
| b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado. | |

| | |
|---|---|
| Expediente 36/2017. Comunicación previa de obra menor | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| EXPEDIENTE Nº 36/17 .- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.S.G., con domicilio a efectos de notificacións en rúa do Gueo, nº 8-O Igrexario-O Hío, Cangas, para a | |



realización de obras consistentes en reparacións exteriores de vivenda unifamiliar sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente; estudo técnico elaborado polo arquitecto técnico, S.G.F. de data de xaneiro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a nove mil dezanove euros (9.019,00 €).

Expediente 651/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 36/17 .- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.R.P., con domicilio a efectos de notificacións en Fonte Ferreira, nº 8-Cangas, para a realización de obras consistentes en cambio de fiestras e portas e reparación de balcón de edificación sita en rúa Fonte Ferreira, nº 8-Cangas, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil douscentos corenta e seis euros con cincuenta céntimos (2.246,50 €).

Expediente 821/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 36/17 .- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.C.L., con domicilio a efectos de notificacións en rúa do Arco, nº 16-Cangas, para a realización de obras consistentes en reforma interior de edificación sita en rúa do Arco, nº 16-Cangas, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil vinte e tres euros con sesenta e nove céntimos (5.023,69 €).

Expediente 1148/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 26.135.- (1148/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por J.B.R., para reforma de muro existente sito no Xistro, nº 32-Coiro, de conformidade coa documentación presentada e escrito de data 29 de novembro de 2016, o presuposto de execución das obras ascende a trescentos sesenta euros (360,00 €).

Expediente 1005/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 26.247.- (1005/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por J.M.G., para construción de galpón para garaxe, sito en Estrada Vilanova-Pinténs-O Hío, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico J.P.Y. de data xaneiro de



2017, o presuposto de execución das obras ascende a once mil oitenta e seis euros con trinta e nove céntimos (11.086,39 €).

Expediente 1019/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 26.238.- (1019/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por J.S.C., para cambio de cuberta da edificación, sita na Retirosa, s/n-Coiro, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico J.P.Y. de data decembro de 2016, o presuposto de execución das obras ascende a cinco mil setecentos trinta e un euros con dezaoito céntimos (5.731,18 €).

Expediente 547/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por J.P.G., por importe de dous mil vinte e un euros con sesenta e dous céntimos (2.021,62 €), para garantir a finalidade do expediente de obra n° 24.068, licenza n° 23.124.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 1138/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por D.C.J., por importe de catro mil trescentos sete euros con corenta e sete céntimos (4.307,47 €), debido ao cambio de titularidade da licenza de obra n° 23.807, expediente n° 24.479 a favor de A.G.P.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

Expediente 1066/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de sesenta e nove mil cincocentos cincuenta e dous euros con oitenta e nove céntimos (69.552,89 €), e da garantía por importe de cento noventa e cinco euros con corenta e catro céntimos (195,44 €), depositado pola empresa "Choupana 2006, SL", no expediente de obras n° 21.163, licenza n° 21.518.



Concello de Cangas

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 1421/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de seis mil seiscientos corenta euros con dezasete céntimos (6.640,17 €), depositado pola empresa "Construcións, Obras e Viais, SA" (COVSA), para a realización das obras "Pavimentación en San Roque, PPOS/15-Cangas".

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 1206/2017. SOLICITUDE SAF DEPENDENCIA

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

CONCEDERLLE a M.J.S.P., co expediente nº: 36008/02/002338-VI0000052509, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psico social e educativo.

Custe do servizo: douscentos corenta e cinco euros con vinte e tres céntimos (245,23 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica: vinte e seis euros con noventa e nove céntimos (26,99 €).

Número de horas: 20 horas.

Data prevista de alta no SAF: marzo de 2017.

Expediente 1235/2017. SOLICITUDE SAF DEPENDENCIA

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

CONCEDERLLE a M.S.P., co expediente nº: 36008/02/002338-VI0000052508, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

-Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: douscentos corenta e cinco euros con vinte e tres céntimos (245,23 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica: 0 euros).

Número de horas: 20 horas.

Data prevista de alta no SAF: marzo de 2017.

Expediente 1408/2017. Convenio Xunta comedores escolares

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE XOAN CARLOS CHILLÓN IGLESIAS; CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE , RELATIVA A INICIO DE TRAMITACIÓN DE NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS DE ENSINO PÚBLICO NON UNIVERSITARIO DO CONCELLO DE CANGAS PARA OS CURSOS 2017/2018 E 2018/2019

ANTECEDENTES:

1º.- Durante os cursos 2012/13, 2013/14, 2014/15, 2015/16, e 2016/17 o Concello de Cangas estableceu un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, e Ordenación Universitaria para a xestión do servizo de comedor escolar nos centros de ensino público non universitario de Cangas, a saber: CEIP A RÚA, CEIP O HÍO, CEIP ESPÍNEIRA-ALDÁN, CEIP NAZARET-CANGAS.

2º.- Recibiuse con data do 10 de marzo escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no que se recolle o interese do Concello de Cangas para o inicio da tramitación dun novo convenio, a confirmación dos centros educativos e os correspondentes usuarios previstos.

Por todo isto, elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Iniciar o trámite perante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a sinatura dun novo convenio que teña vixencia nos cursos escolares 2017/2018 e 2018/2019.

SEGUNDO.- Confirmar que os centros educativos serían os seguintes: CEIP A Rúa, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira-Aldán e CEIP Nazaret-Cangas.

TERCEIRO.- O número de usuarios/usuarias previstos para estes cursos sería de 180, baseándonos no incremento acadado no último curso e tal como se recolle nas memorias enviadas a Consellería.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados/interesadas, así como, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 1361/2017.SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA-2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vistas as bases publicadas no BOP nº 31, de data do 14/02/2017 para dinamización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra- ano 2017 e reunindo os requisitos que nelas se especifican.

Vista a memoria de actividades redactada polos servizos municipais cun presuposto total de dez mil catrocentos euros (10.400,00 €).

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar axuda á Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro das bases publicadas no BOP nº 31 de 2017, unha axuda polo importe de sete mil oitocentos euros (7.800,00 €), para desenvolver as seguintes actuacións:

1.- Xornadas de historia local: “1617. O saqueo dos piratas turcos”

Orzamento total: 4.000,00 €.

Contía solicitada: 3.000,00 €.

2.- Edición libro “Historia de Cangas : o saqueo pirata”.

Orzamento total: 2.800,00 €.

Contía solicitada: 2.100,00 €.

3.- Campaña de información dirixida á mocidade sobre recursos e actividades culturais do Concello de Cangas.

Orzamento total: 2.400,00 €.

Contía solicitada: 1.800,00 €.

4.-Proxecto educativo “Correlíngua”

Orzamento total: 1.200,00 €.

Contía solicitada: 900,00 €.

Segundo.- Declarar que non se solicitou nin foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Expediente 1125/2017. Aprobación de certificación primeira da obra “Pavimentación e mellora de servizos no Barrio Outeiro-Casco Vello”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vistas as certificacións primeira da obra “Pavimentación e mellora de servizos no barrio Outeiro-Casco Vello”, por importe de trinta e nove mil novecientos corenta e sete euros con dezaioito céntimos (39.947,18 €), presentada pola empresa "Nexia Infraestructuras, SLU", en data 7 de marzo de 2017 (registro nº 2413), subscritas pola directora de obra, María Isabel

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Medraño Fariña.

Vista a documentación achegada que se relaciona:

- Relación dos traballos executados ata a data.
- Importe que se acredita para aboamento.

Visto o informe favorable emitido por intervención en data 15 de marzo de 2017.

En virtude do disposto e de conformidade co establecido no art. 216 e 232 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación primeira da obra “Pavimentación e mellora de servizos no barrio Outeiro-Casco Vello”, por importe de trinta e nove mil novecentos corenta e sete euros con dezaoito céntimos (39.947,18 €), presentada pola empresa "Nexia Infraestructuras, SLU" en data 7 de marzo de 2017 (registro nº 2413), subscritas pola directora de obra, María Isabel Medraño Fariña.

SEGUNDO.- Autorizar, dispor, recoñecer a obrigaçión e ordenar o pago con cargo á partida 1532/639, do orzamento para o exercicio 2017.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao contratista.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo á Intervención e á Tesourería Municipal.

Expediente 1359/2017. APROPABACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS PARA OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS NO ANO 2016

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Visto o informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, referente á axuda concedida ao Concello de Cangas pola Consellería de Política Social para a prestación dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2016, de conformidade coa seguinte desagregación:

| | |
|---|------------------------|
| Plan concertado de Servizos Sociais: | Total aportado: |
| Persoal de Servizos Sociais: | 141.348,00 €. |
| Axuda no Fogar (P. básica): | 3.055,98 €. |
| Axuda no Fogar (dependencia): | 296.887,23 €. |

Visto o informe do Interventor municipal, no que fai constar que todos os gastos que se xustifican están contabilizados e con base na documentación que consta no expediente deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Polo que propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida para a prestación dos servizos sociais do ano 2016, polo importe de novecentos trinta e seis mil catrocentos sesenta e nove euros con sesenta e tres céntimos (936.469,63 €), segundo o seguinte desagregación:

| | |
|---------------------------------------|---------------|
| * PERSOAL: | 323.148,11 €. |
| * MANTEMENTO (desprazamentos): | 151,81 €. |
| * AXUDA NO FOGAR (prestación básica): | 15.493,59 €. |
| * AXUDA NO FOGAR (dependencia): | 379.904,23 €. |
| * XESTIÓN DE PROGRAMAS: | 217.771,89 €. |

Segundo.- Facer constar que se cumpriu coa finalidade da axuda concedida e que de todos os gastos que se xustifican se tomou razón na contabilidade.

Expediente 1473/2017. Solicitud conexión á rede saneamento

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE CONEXIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS EN VIVENDA VIÑÓ-O HÍO

Vista a solicitude presentada en data 14.03.2017 (registro de entrada nº 2759) por Emilio Sousa Vázquez, relativa á conexión á rede de sumidoiros en Rúa Preguntoiro (Camiño Viñó, nº 43) do Hío, por imposición de verteduras - Augas de Galicia.

Visto que en data 05.12.2016 se solicitou dita conexión a este Concello, requiríndose licenza de obras e presuposto de Aqualia en escrito de 19.01.2017 do Negociado de Obras.

Visto que a vivenda ten cualificación de “fóra de ordenación” e non posúe licenza, apórtanse

Concello de Cangas



Concello de Cangas

en escritos con data 06.02.2017 e 20.02.2017, o presuposto de Aqualia, documentación Rexistro-Vivenda, Catastral Urbana-IBI, pagos do lixo da Mancomunidade, licenza de pozo e empadramento.

Visto o requirimento de documentación adicional presentado por Augas de Galicia en escrito do 19.01.2017 solicitando ao interesado:

- Certificado de conexión expedido polo Concello ou pola concesionaria do servizo da auga e saneamento, no que conste expresamente que a vivenda se atopa conectada á rede de sumidoiros municipal.

- No seu defecto, escrito do Concello no que se acredite a viabilidade da conexión solicitada e cronograma de actuacións a realizar para a conexión á rede de sumidoiros, con indicación expresa das datas de inicio e finalización previstas.

De acordo co exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a conexión á rede de sumidoiros en Camiño Viñó, nº 43-O Hío.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais correspondentes e ao interesado.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE